

BBVA RACANEA CO SEU PERSOAL

Dende fai máis dun ano, boa parte do persoal da rede de oficinas estivo recibindo ordes e presións tanto do Dpto. de Formación, como de RRHH ou dos seus respectivos Responsables, para que se inscribisen en cursos de formación MiFiD II que debían realizar de forma inminente, sen ter en conta se esa formación era obrigatoria para o desenvolvemento da función profesional que estaban a desempeñar.

Como é lóxico, estas persoas seguiron as instrucións que lles deron, fixeron un gran esforzo, dedicando o seu tempo libre para estudar, superaron as probas e é agora, bastantes meses máis tarde, cando se descobre unha información escrita que ocultou o Banco, sobre que curso é o adecuado para cada función.

Que implicacións tivo esta forma tan caótica de actuar? Pois que a todas as persoas que aprobasen algún curso que o Banco agora non o considere necesario, non lles aplican as compensacións do Acordo de Formación MiFiD II.

Xurdiron todo tipo de incidencias, onde queda demostrado que o **Banco racanea** negándose a compensar por cada certificación obtida, **os 4 días de licenza e os 4 puntos DOR**, como, por exemplo:

- ❖ Xestoras/é Comerciais que lles dixeron que tiñan que facer os cursos EIP ou EFA, cando só tiñan que facer o CAFI. Ou que lles obrigaron a facer EIP e CAFI á vez, e só queren recoñecer a certificación obtida do CAFI. .
- ❖ Xestores de Banca Privada que lles obrigaron a facer o EFA, cando só tiñan que facer o EIP.
- ❖ Directoras/é aos que obrigaron a facer o EFA, pero simplemente non lles compensa.
- ❖ E un longo etcétera de casos todos no mesmo sentido.

Ante tal barullo, puxémonos en contacto con RRLL e comunicánnos que todos os cursos que se fixeron innecesariamente porque a función non o requiría é porque o empregado ou empregada voluntariamente así o pediu, non porque o Banco obrigounos/inducido/aconsellado, e por tanto, RRHH mantense en que NON corresponde compensación algunha.

Dende **CCOO**, manifestamos a todas as persoas que reciban ou lles transmitan verbalmente realizar cursos con acreditación Mifid, que esixan por escrito ao Dpto de Formación, que responda ás seguintes preguntas, antes da matriculación:

- ⇒ Esta certificación é precisa para o desenvolvemento das miñas funcións?
- ⇒ É obrigatorio facer este curso?
- ⇒ Se é aprobado, aplicaranme as compensacións en puntos DOR e días de permiso recollidos no acordo?

En caso de obter algunha resposta negativa a estas preguntas, recomendamos absterse da matriculación, e poñerse en contacto inmediato cos delegados/ as de **CCOO**.

Febreiro 2018

Ficha de afiliación				Data
Nome e apelidos				
DNI.....	Teléfono	Data nacemento.....		
Dirección (particular)				
Poboación		Código postal		
Clave oficina				
Domiciliación bancaria:				
IBAN	Banco/Caixa	Oficina	DC	Conta corrente/libreta
Correo electrónico				Firma:
(Dea a seus representantes de CCOO bbva ou enviar bbvaccoo@servicios.ccoo.es dixitalizados)				

PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidad con la ley Orgánica de Protección de datos de carácter personal, te informamos que tus datos serán incorporados a un fichero titularidad de CCOO integrado por los ficheros pertenecientes a la confederación o unión regional correspondiente según el lugar en que radique tu centro de trabajo, a la federación del sector al que pertenezca la empresa en la que trabajes, así como -en todo caso- a la C.S. CCOO. En siguiente URL puedes consultar los diferentes entes que componen CCOO: <http://www.ccoo.es> hacer clic sobre Conoce CCOO. La finalidad del tratamiento de tus datos, por parte de todas ellas, la constituye el mantenimiento de tu relación como afiliado/afiliada. Puedes ejercitar tus derechos de acceso, rectificación, cancelación y, en su caso, oposición, enviando una solicitud por escrito acompañada de la fotocopia de tu D.N.I. dirigida a C.S. CCOO Responsable de Protección de datos, C/ Fernández de la Hoz nº 12 - 28010 Madrid. Deberás indicar siempre la referencia "PROTECCIÓN DE DATOS". Si tienes alguna duda al respecto puedes remitir un correo electrónico a lod@ccoo.es o llamar al teléfono 917028077.